

Roberto Varela Gestal, con NIF 32.790.604-X, secretario nacional da CIG-Autónomica, co enderezo válido para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e no enderezo de correo electrónico autonomica@cigadmon.org, en nome e representación desta organización sindical, presento as seguintes

ALEGACIÓNS DA CIG Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DA AXENCIA DE TURISMO DE GALIZA

Cuestión previa sobre a negociación

A Axencia de Turismo achega documentación ás organizacións sindicais e solicita alegacións escritas con carácter previo a unha posterior xuntanza para debater a proposta de modificación da RPT da Axencia de Turismo de Galiza, procedemento distinto do habitual cando somos convocados a unha primeira xuntanza previa á presentación de alegacións escritas.

Xunto á documentación propia dunha proposta de modificación de RPT, atopamos un "*acordo sobre as condicións especiais de traballo do persoal das oficinas de turismo..*". Consideramos que estamos a falar de dous asuntos ben diferenciados que deben ter procesos de negociación separados. En todo caso queremos entender que na vindeira convocatoria de xuntanza vamos tratar por separado os dous asuntos.

Creación e amortización de postos

A obriga de crear postos porque o manda a estrutura, ou a esixencia de amortizar porque o indican as leis orzamentarias e demais que restrinxen a reposición de efectivos ou eliminación de vacantes, non as asumimos como xustificación porque todas esas normas son decisións dos lexisladores e por tanto dos partidos políticos que sustentan os respectivos gobernos. Son decisións deles, e eles teñen a chave para mudalo. Baixo as anteriores premisas a CIG non apoia a destrución de emprego público por insuficiencia orzamentaria, nin a eliminación de postos baixos para crear postos altos ou estrutura por riba.

Dos 23 postos de traballo amortizados, na maioría deles non nos indican se son postos vacantes, polo que solicitamos ampliación da memoria funcional para que conste dita información.

Manifestamos un total rexeitamento á creación de dous postos de persoal directivo profesional, coa gravidade de que coa súa proposta, as persoas que ocupen os postos non van ter que ser necesariamente empregados/as públicos/as. A Axencia de Turismo vai ter o "privilexio" de ser, despois de AMTEGA, a segunda que vai contar con este tipo de persoal alleo á administración.

Peche das oficinas de turismo de Vilagarcía e Tui

O efectivo peche destas oficinas é unha mostra de como para as persoas responsábeis da Axencia (e en xeral da Administración), a negociación coa representación sindical dos traballadores e traballadoras non pasa de ser en moitos casos un mero trámite formal.

O peche real destas oficinas produciuse fai máis de tres anos, sen mediar negociación algunha, ou sequera información, nin coas organizacións sindicais presentes na Mesa Sectorial de Negociación, nin



coa Xunta de Persoal da provincia de Pontevedra. En ningún momento tiveron no seu poder nin as persoas afectadas nin os seus lexítimos representantes documento algún no que constase a orde de cambio de centro de destino, ou decreto que modificase a súa situación na relación de postos de traballo. Estiveron, xa que logo, irregularmente desprazadas durante tres anos.

A amortización dos tres postos de traballo ocupados supón un importante prexuízo para as perspectivas profesionais das persoas, pois independentemente dos posto aos que agora se propón adscribilas, tanto a descontinuidade na permanencia no posto como o posíbel inferior baremo no concepto de traballo desenvolvido vai resultar unha menor puntuación para unha obrigada participación no inmediato concurso de traslados.

A CIG solicita que non se produza a amortización dos postos, senón que se proceda a unha modificación das súas características de xeito que poidamos atopar acomodo mediante un cambio de centro de destino sen que exista amortización.

Forma de provisión

Rexeitamos que as xefaturas de área, nivel 28, sexan de libre designación.

Rexeitamos a cobertura mediante concurso específico da xefatura de sección de habilitación.

Adscrición-Administración

Non estamos conformes coa apertura a funcionarios docentes de dúas das nove xefaturas de área, nivel 28, creadas, mentres non haxa reciprocidade para que o persoal funcionario de administración que cumpra os requisitos poida pasar a docente.

Corpo-Escala

Entendemos que hai postos que requiren ser cubertos por persoal funcionario con especialidades concretas, pero non comprendemos que un posto poida estar aberto a xeral/especial ou simplemente especial sen que se indique requisito algún de titulación. Se non hai requisito, sérvelles calquera titulación e, xa que logo, desaparece a xustificación da necesidade dunha especialidade. Isto ocorre coa xefatura de área de calidade e proxectos europeos, posto para o que solicitamos que se indique a especialidade ou quede para xeral.

Méritos, requisitos e titulación

Non estamos conformes cos méritos de "experiencia". Queremos que os retiren e que formen ao persoal (axudando así a converter á EGAP nunha auténtica escola de administración pública). Como opción menos mala optamos por poñer mérito en formación de xeito que esta poida acreditarse mediante documento expedido polo órgano competente eliminando así a picaresca nas sinaturas de experiencia. Xa que logo, queremos a retirada do mérito 888 ao posto de xefe de sección de habilitación.

Dirección de promoción

Dos sete postos de traballo encadrados nesta dirección, todos eles son xefaturas de área, nivel 28. Non podemos entender esta situación: solicitamos información.

Inspectores/as de Turismo

Inda que recoñecemos que a apertura dalgún posto aumenta as posibilidades de promoción profesional dentro da escala de Inspección de Turismo, para a CIG segue a ser insuficiente, polo que queremos abrir unha negociación sobre os postos (xefaturas de área e sección) susceptíbeis de, polas súas características, ser desempeñados por funcionarios e funcionarias da escala de inspección de turismo.

Incidindo tamén na promoción profesional, e inda que este non é o foro adecuado, queremos manifestar que a CIG defende a promoción cruzada, de xeito que exista a posibilidade de ascender de grupo cambiando de corpo/escala. Esta posibilidade efectivamente existe para os corpos xerais que queren pasar a escalas, pero non á inversa. Solicitamos da dirección da Axencia que apoie ante a Dirección Xeral da Función Pública esta proposta de reciprocidade que a CIG defende en todas as negociacións das promocións internas.

O traballo dos inspectores e inspectoras de turismo teñen características peculiares: desprazamentos periódicos a zonas turísticas, horarios especiais que poden chegar ata a madrugada, inspeccións a lugares perigosos ou penosos acompañados ás veces polas forzas e corpos de seguridade, etc. Entendemos que sobran os argumentos que xustifican unha revisión do actual nivel 22, polo que solicitamos a apertura dunha negociación conducente a acadar un acordo retributivo xusto.

Para rematar, indicar que na columna de "corpo/escala" dos postos que poden ser ocupados polo persoal inspector de turismo, indica "escala técnica de inspectores de turismo". Solicitamos a revisión do termo, pois a referida escala técnica foi declarada a extinguir pola Lei 14/2008, e substituída pola "escala de inspección turística".

Acordo sobre condicións de traballo do persoal das oficinas de turismo

Como afirmamos ao comezo deste escrito, a CIG considera que o formato escollido pola Administración para a negociación das condicións de traballo do persoal das oficinas de turismo non é o mellor, pois unha negociación tan específica como esta non pode ir mesturada no medio do conxunto da RPT. Solicitamos, xa que logo, a retirada da proposta e a apertura dunha auténtica negociación coa representación sindical dos traballadores e traballadoras.

En todo caso, e despois das numerosas informacións e peticións que recibimos dos traballadores e traballadoras das oficinas de turismo, queremos deixar constancia dunha serie de aspectos que deberían ser revisados nesa negociación centrada nas oficinas.

Preséntanos unha proposta que iguala as condicións de traballo en todas as oficinas. A nosa información é que cada unha das oficinas ten unhas características propias que as fan diferentes entre si, o que aconsellaría fuxir da rixidez de fixar un marco único. Non son as mesmas circunstancias as que se dan na

oficina de Ferrol, afectada polo Camiño Inglés, ou en Vigo, localizada a carón dos peiraos. En todos os casos, os horarios e días de máis afluencia son diferentes.

Referente ás variacións horarias entre temporada alta e baixa, mantemos o mesmo que o do parágrafo anterior: a CIG considera imprudente fixar unhas condicións únicas cando estamos ante circunstancias diferentes. Solicitamos da Administración que aporte os datos que teña sobre o volume de traballo en diferentes meses, no que poidamos constatar a necesidade de abrir os fins de semana, por exemplo, ou a afluencia en determinadas épocas, como poden ser as de nadal e aninovo ou sábados, domingos e festivos. Inclusive, poidamos verificar cales son os meses de temporada alta/baixa en cada unha das oficinas.

Declaran non laborais os días 24 e 31 de decembro, pero resérvanse a posibilidade de abrir as oficinas compensando cada un deses días con outro a cambio. Como o custe de día por día é nulo, e non nos fiamos do que poidan decidir facer no futuro, queremos que a apertura dos días 24 e 31 de decembro sexa algo máis gravosa que un só día a cambio, polo que queremos a compensación de dous días por cada un deles traballado.

Nada temos que dicir en contra de atender as necesidades de servizo, pero somos conscientes de que as festas ou eventos relacionados co turismo están convenientemente programados, que non xorden inesperadamente. Por iso, preavisar con tan só tres días de antelación no caso dunha alteración do horario de traballo é para a CIG un abuso de autoridade, un ataque á cacarexada conciliación da vida laboral e familiar ou cando menos evidenciaría unha falta de previsión tal que xustificaría o cese das persoas responsábeis de alterar a vida dos traballadores e traballadoras.

A obriga de traballar ata sete días consecutivos parécenos excesiva. En canto a poder ter que traballar un domingo de cada dous, é un despropósito.

Pensamos que procede unha revisión da dotación de postos en cada oficina. Pretender establecer eses horarios tan amplos e durante todo o ano vai ser imposíbel en determinadas oficinas infradotadas, a menos que se lapiden os dereitos dos traballadores e traballadoras impedíndolles gozar dos seus días de asuntos propios, ou forzando unhas quendas excesivas cando haxa baixas laborais ou vacacións. Procede aquí falar das características de todos os postos de traballo, pois cabe a posibilidade de que algúns dos perfís poida non ser óptimo.

A compensación económica ofrecida é absolutamente insuficiente. Non aceptamos a equiparación con outros colectivos que non fan quendas todos os días de semana, moito menos os domingos e festivos. E por suposto, a modificación das condicións laborais, neste caso de xornada e horario, a persoas que optaron a postos de traballo en determinadas condicións, non se pode asumir sen o consentemento dos traballadores/as, polo que a aceptación do novo réxime horario ten que ser voluntaria.

Bolseiros/as

A consellería ven contratando bolseiros/as para colaborar en temporada alta. Segundo a nosa información, o persoal bolseiro está a ser utilizado como persoal de reforzo contratado con baixas retribucións, obviando a formación.

A CIG solicita información e revisión das contratacións de persoal bolseiro. Tamén solicitamos que, se son necesarios reforzos en temporada alta, se proceda a contratar persoal das listas de substitución.


Área de obras e mantemento

Segundo a nosa información, este departamento está infradotado. Por maior abastanza, dos tres postos asignados a esta área, só un deles está cuberto, xunto cunha segunda persoa procedente de asistencia técnica.

Solicitamos máis información sobre as persoas que prestan servizo nesta área, tanto persoal propio como alleo, e a súa carga de traballo.

Compostela, 30 de abril de 2015

O secretario nacional da CIG-Autonomica


ADMI...
AUTONÓMICA
Roberto Varela Gestal

ELENA BARCA RAMOS

Xerente da Axencia de Turismo de Galiza

Praza Mazarelos, 15

15703 Santiago de Compostela